

## O BNG reafírmase contra o golf e a urbanización en Feáns

-O BNG asegura que o proxecto non sairá adiante. Comunidade montes San Martiño, BNG, Xunta de Galiza e outros colectivos sociais non respaldan a iniciativa.

-De acadar a alcaldía, o BNG loitará por recuperar os terreos comunais de Feáns.

### O BNG potenciará o medioambiente.

Ogrobe está nun entorno privilexiado, e o BNG quere poñelo en valor. As nosas dunas, os nosos montes, praias... son o principal atractivo turístico do municipio, polo que un campo de golf no vao e unha urbanización na Siradella xunto con outros convenios presentados no PXOM, son contrarios as políticas do BNG en Ogrobe e na Xunta.

O pasado mes de febreiro o Director Xeral de Turismo, nunha visita a Ogrobe, reafirmouse neste principio de sustentabilidade descartando calqueira apoio a esta actuación especuladora.

Unha tomadura de pelo para todos os veciños de Ogrobe

- Si é tan bo o negocio do campo de golf, porque a sociedade da Toxa non o fai no seu terreo?

- **O auténtico negocio é facer chalés**, como en todos os campos de Golf (Domaio, Monte do Faro, etc.). O BNG pídelles que o digan abertamente, e que se saiba, **que os veciños de Ogrobe poñerían os terreos e eles levarían os cartos.**

### Terreos usurpados en Feáns

Os terreos onde pretenden facer o auténtico negocio (os chalés) son terreos usurpados polo Estado no seu día aos veciños de Ogrobe, polo que sería preciso unha investigación que devolva as propiedades aos seus donos iniciais.

**O BNG califica este proxecto como un atentado ecolóxico ao igual que a urbanización na praia dos Raeiros.** De acadar a alcaldía dentro dun ano, o BNG loitará duramente contra estas especulacións, e comprométese a facer as xestións necesarias para recuperar este ben lexítimo dos veciños, da mesma maneira que o fixemos pola recuperación para o uso e disfrute do Monte Central de A Toxa.



*A urbanización estaría no monte de Feáns, na ladeira da Siradella. O dano que causaría no entorno sería irreparable.*